

Disposición Final

A presente ordenanza entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, sendo de aplicación a partir do 1 de xaneiro do 2017, permanecendo vixente ata a súa expresa modificación ou derogación”.

A Pobra de San Xiao (Láncara), 21 de decembro de 2016.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López

R. 3894

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

O Pleno do Concello de Láncara en sesión extraordinaria realizada o 2/11/2016 acordou aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal n.º 7 reguladora da taxa pola prestación do servizo de recollida domiciliaria de lixo. O citado acordo foi exposto ó público polo prazo de 30 días hábiles mediante anuncio publicado no BOP de Lugo de 05/11/2016 sen que durante ese prazo se presentase reclamación algunha, polo que se entende definitivo o acordo inicialmente adoptado co texto que se transcribe:

“ORDENANZA FISCAL Nº 7 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DOMICILIARIA DE LIXO DO CONCELLO DE LÁNCARA.

Artigo 1. Natureza e fundamento.

No uso das facultades concedidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e artigos 81 e 296 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, este Concello establece as Taxas pola prestación do servizo de recollida domiciliaria de lixo na presente ordenanza, as normas da cal atenden ó previsto nos artigos 20.4 e 57 do citado Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Artigo 2º.- Feito imponible

1. Constitúe o feito imponible da taxa a prestación do servizo de recepción obrigatoria de recollida de lixo domésticos e residuos sólidos urbanos de vivendas, aloxamentos e locais ou establecementos onde se exercen actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticas e de servizos.

2. A tal efecto, considéranse residuos sólidos urbanos os definidos no artigo 4 da Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia.

3.- Quedan fóra do ámbito de aplicación da presente ordenanza os residuos que estean considerados, legal ou regulamentariamente, como tóxicos ou perigosos.

Artigo 3º.- Suxeitos pasivos

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas e locais sitios nos lugares, prazas, rúas ou vías públicas en que se preste o servizo, xa sexa a título de propietario ou de usufrutuario, habitacionista, arrendatario ou, incluso, de precario.

2. Terá a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte o propietario das vivendas ou locais que poderá repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios de aquelas, beneficiarios do servizo.

Responderán solidariamente das obrigas do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 42.1.a) e b) da Lei xeral tributaria.

3. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala a Lei xeral tributaria

Artigo 4º.- Obriga de contribuír

A obriga de contribuír existe dende o momento en que se presta o servizo na zona na que se sitúa a vivenda ou establecemento, tanto urbano como rural. O servizo de recollida de lixo é de recepción e uso obrigatorio para ocupantes de vivendas ou locais sitios neste municipio.

Presúmese a utilización do servizo cando existe posibilidade de habitar a vivenda ou de usar o local por contar con calquera dos servizos de subministración de auga, enerxía eléctrica ou rede de sumidoiros.

Neste suposto, a taxa devéngase e nace a obriga de contribuír o primeiro día de cada trimestre natural, calquera que sexa o tempo de duración do aproveitamento dentro do exercicio.

Artigo 5º.- Exencións.

Ó abeiro do establecido no artigo 24.4 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, gozarán de exención subxectiva os contribuíntes beneficiarios da Renda de Inserción Social de Galicia (RISGA). Para ter dereito á obtención deste beneficio, o interesado deberá acreditar o cumprimento das condicións que motivan o seu outorgamento e a solicitude deberá ser informada polos Servizos Sociais do Concello.

Artigo 6º.- Cota tributaria.

1.- A cota tributaria consistirá nunha cantidade fixa, por unidade de local, que se determinará segundo a función da natureza e destino dos inmobles.

2.- A tal efecto, aplicarase a seguinte Tarifa:

Epígrafe 1.- Vivendas de carácter familiar: 51,60 € anuais, prorrateables trimestralmente 12,90 €

Epígrafe 2.- Oficinas, bancos e despachos profesionais 84,60 € anuais, prorrateable trimestralmente 21,15 €.

Epígrafe 3.- Venta de comercios polo miúdo, almacéns, funerarias, etc. 151,72,00 € anuais, prorrateable trimestralmente 37,93 €.

Epígrafe 4.- Cafeterías, bares, tabernas, restaurantes, etc. 187,84 € anuais, prorrateable trimestralmente 46,96 €.

Epígrafe 5.- Supermercados 251,20 € anuais, prorrateable trimestralmente 62,80 €.

Epígrafe 6.- Moblerías 375,48 anuais, prorrateable trimestralmente 93,87 €.

Epígrafe 7.- Outros establecementos non previstos nos anteriores 151,72 € anuais, prorrateable trimestralmente 37,93 €.

Epígrafe 8.- Industrias 12.866 € anuais, prorrateables trimestralmente 3.216,50 €.

Epígrafe 9.- Centros residenciais de máis de 50 prazas 1000 € anuais, prorrateable trimestralmente 250 €.

Artigo 7º.- Devengo.

1. Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír dende o momento en que se inicie a prestación do servizo, entendéndose iniciada, dada a natureza de recepción obrigatoria do mesmo, cando esté establecido e en funcionamento o servizo municipal de recollida de lixo domiciliario, nas rúas ou lugares onde figuren as vivendas ou locais utilizados polos contribuíntes suxeitos á taxa.

2. Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devengarase o primeiro día de cada trimestre natural, salvo que o devengo da taxa se produxese con posterioridade á dita data, en cuio caso a primeira cota devengarase o primeiro día do trimestre seguinte.

Artigo 8º.- Declaración e ingreso

1. Dentro dos trinta días hábiles seguintes á data en que se devengue por primeira vez a taxa, os suxeitos pasivos formalizarán a súa inscrición en matrícula, presentado, para os efectos, a correspondente declaración de alta e ingresando simultaneamente a cota do primeiro trimestre.

2. Cando se coñeza, xa de oficio ou por comunicación dos interesados, calquera variación dos datos figurados na matrícula, levaranse a cabo en esta as modificacións correspondentes, que xurdirán efectos a partir do período de cobranza seguinte á data en que se efectuara a declaración.

3. O cobro das cotas efectuarase trimestralmente mediante recibo derivado da matrícula, independentemente ou cos recibos da auga.

Artigo 9º.- Infraccións e Sancións

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que lles corresponda en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei Xeral tributaria.

Disposición Final

A presente ordenanza entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, sendo de aplicación a partir do 1 de xaneiro do 2017, permanecendo vixente ata a súa expresa modificación ou derogación”.

A Pobra de San Xiao (Láncara), 21 de decembro de 2016.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López

*Anuncio***INFORMACIÓN PÚBLICA**

O Pleno do Concello de Láncara en sesión extraordinaria realizada o 2/11/2016 acordou aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal n.º 8 reguladora da taxa pola expedición de documentos administrativos. O citado acordo foi exposto ó público polo prazo de 30 días hábiles mediante anuncio publicado no BOP de Lugo de 05/11/2016 sen que durante ese prazo se presentase reclamación algunha, polo que se entende definitivo o acordo inicialmente adoptado co texto que se transcribe:

“ORDENANZA FISCAL Nº 8 REGULADORA DA TAXA POLA EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS DO CONCELLO DE LÁNCARA**ARTIGO 1.- NATUREZA, OBXECTO E FUNDAMENTO**

En uso das facultades concedidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e artigo 331 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, este concello establece as Taxas por expedición de documentos administrativos na presente ordenanza, as normas da cal atenden ó previsto nos artigos 20.4 e 57 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei 39/88 reguladora das facendas locais.

É obxecto deste tributo a tramitación e expedición a instancia de parte de toda clase de documentos que correspondan á Administración municipal.

Entenderase a instancia de parte a tramitación ou expedición de calquera documentación administrativa que fose provocada polo particular ou que repercuta no seu beneficio, aínda que non mediase solicitude expresa do interesado.

ARTIGO 2.- FEITO IMPOÑIBLE

1.-Constitúe o feito imponible da Taxa a actividade administrativa desenvolvida co motivo da tramitación ou expedición, a instancia de parte, de toda clase de documentos.

2.-A estes efectos, entenderase tramitada a instancia de parte calquera outra documentación administrativa que fose provocada polo particular ou redunde no seu beneficio aínda que non mediase solicitude expresa do interesado.

3.-Non estará suxeita a esta Taxa a tramitación de documentos e expedientes necesarios para o cumprimento das obrigacións fiscais, así como as consultas tributarias, os expedientes de devolución de ingresos indebidos, os recursos administrativos contra resolución municipais de calquera índole e os relativos á prestación de servizos ou realización de actividades de competencia municipal e a utilización privativa ou o aproveitamento especial de bens do dominio público municipal, que estean gravados por outra Taxa municipal ou polos que se esixa un prezo público por este Concello.

ARTIGO 3.- SUXEITO PASIVO.-

Son suxeitos pasivos contribuintes as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35 da Lei 53/2003 que soliciten, provoquen ou en cuxo interés redunde a tramitación do documento ou expediente de que se trate.

ARTIGO 4.- EXENCIONS

Os usuarios dos servizos sociais quedarán exentos de pagar ditas taxas polos documentos administrativos que precisen nas tramitacións que realicen a través dos servizos sociais do Concello e que sexan solicitados pola Traballadora Social.

A documentación necesaria que soliciten os concelleiros para desempeño das súas función, tanto de goberno como de oposición.

ARTIGO 5.- COTA TRIBUTARIA

1.- A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada segundo a natureza dos documentos ou expedientes a tramitación de acordó coa Tarifa que contén o artigo seguinte.

ARTIGO 6.- COTAS

As cotas tributarias serán as seguintes:

| CONCEPTO | IMPORTE |
|--|---------|
| 1.- Certificados do padrón de habitantes cunha antigüidade anterior a 1996 | 3,00€ |
| 2.- Certificado da numeración de vivendas, edificios e solares, de situación de vivenda, de distancias | 1,00€ |
| 3.- Informe de distancias | 1,00€ |

| | |
|---|--------|
| 4.- Outras certificacións ou informes emitidos polo Negociado do Padrón de Habitantes e Estadísticas | 0,50€ |
| 5.- Certificación do catastro, descriptiva e gráfica (por cada unha) | 0,30€ |
| 6.- Por expedición de información xeográfica de parcelas agrícolas (Xispac), por cada unha | 0,30€ |
| 7.- Relación de Bens catastrais por titular | 0,30€ |
| 8.- Copias de planos | |
| 8.1.- Por cada copia tamaño DIN A-4 en branco e negro | 0,30€ |
| 8.2.- Por cada copia tamaño DIN A-4 en color | 0,50€ |
| 8.3.- Por cada copia tamaño DIN A-3 en branco e negro | 0,50€ |
| 8.4.-Por cada copia tamaño DIN A-3 en cor | 0,75€ |
| 8.5.- Por cada copia tamaño superior a DIN A-3 en branco e negro | 2,50€ |
| 9.6.- Por cada copia tamaño superior a DIN A-3 en color | 5,00€ |
| 10.- O envío por correo postal das reproducións, incrementa o seu coste cos gastos de envío | |
| 11.- Por cada imaxe enviada por correo electrónico | 1,87€ |
| 12.- Certificacións de acordos adoptados polos Órganos de Goberno | 1,50€ |
| 13.- Certificacións expedidas polo Negociado de Rendas e Exaccións | 0,50€ |
| 14.-Certificacións ou informes relativos a expedientes de licenzas de obras, apertura ou traspaso de establecementos ou cambio de titularidade inferior a 5 anos | 0,50 € |
| 15.-Certificacións ou informes relativos a expediente de licenzas de obras, aperturas ou traspasos de establecementos ou cambio de titularidade superior a 5 anos | 1,50€ |
| 16.-Certificados expedidos polo Servizo de Intervención ou Tesourería | 1,50€ |
| 17.-Certificacións de autorización por cambio de vehículo ou adscripción de vehículos a licenzas Clase B e Clase e cambios de titularidade | 1,00€ |
| 18.-Solicitude de informes emitidos polos técnicos ou servizos sociais | 15,00€ |
| 19.-Expedición da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalidez | 1,00€ |
| 20.-Certificacións e informes expedidas polos distintos negociados e servizos e non contemplados no presente epígrafe | 1,00€ |
| 21.-Por cada expediente de declaración de ruínas de edificio | 75,00€ |
| 22.-Por cédulas, informes e calificacións urbanísticas | 25,00€ |
| 23.-Certificacións informes sobre expediente de legalidade urbanística de edificios e similares, incluídos os negativos | 6,00€ |
| 24.-Por tramitación de licenzas e/ou autorizacións de parcelacións, segregacións e/ou división de terreos | 10,00€ |

| | |
|--|------------|
| 25.-Por tramitación de licenza de obra, tanto menor como maior 1% custo do presuposto, cun mínimo de 50 €, e aos efectos da licenza de obras menor tomarase como referencia de presupostos os prezos aprobados polo concello | |
| 26.-Por tramitación de proxecto de urbanización 2% do presuposto de execución material do proxecto | |
| 27.-Por tramitación de expediente de aprobación de estudio de detalle | 2.000,00 € |
| 28.-Por tramitacións expediente de aprobación de instrumentos de ordenación, plans especiais, parciais, sectorizacións outros plans de desenvolvemento e xestións urbanísticas, así como alteracións dos mesmos | 4.000,00€ |
| 29.-Pola celebración de matrimonios civís | |
| 29.1.-Por cada enlace celebrado de luns a venres hábiles (entre as 12:00 e as 20:00 horas) | 67,00€ |
| 29.2.-Por cada enlace celebrado en horario distinto ó establecido, así como os sábados e festivos | 125,75€ |
| 30.-Inscripción no rexistro municipal de parellas de feito | 10,00€ |
| 31.-Inscripción no rexistro municipal de cans perigosos | 10,00€ |
| 32.-Pola práctica de información testificais | 10,00€ |
| 33.-Por cada contrato que se formalice en documento administrativo, en calquera das súas modalidades e procedementos | 15,00€ |
| 34.-Participación en probas selectivas de persoal funcionario e laboral fixo | |
| 34.1.-Grupo A1 ou persoal laboral asimilado | 36,00€ |
| 34.2.-Grupo A2 ou persoal laboral asimilado | 30,00€ |
| 34.3.-Grupo C1 ou persoal laboral asimilado | 24,00€ |
| 34.4.-Grupo C2 ou persoal laboral asimilado | 18,00 € |
| 34.5.-Outras categorías | 12,00€ |
| 35.-Por cada copia de documentación en C.D | 10,00€ |

Terán unha bonificación no 100% da tarifa establecida no epígrafe 29 cando un dos contraíntes sexa vexiño de Láncara con a lo menos un ano de antigüidade.

ARTIGO 7º.-DEVENGO

1.-Devéngase a Taxa e nace a obriga de contribuir cando se presente a solicitude que inicia a tramitación dos documentos e expedientes suxeitos ó tributo.

2.-Nos casos a que se refire o número 2 do artigo 2º o devengo prodúcese cando teñan lugar as circunstancias que prevegan a actuación municipal de oficio ou cando esta se inicie sen a previa solicitude do interesado pero redunde no seu beneficio.

ARTIGO 8º.-DECLARACIÓN DE INGRESO

1.-A taxa esixirase en réxime de autoliquidación, polo procedemento de selo municipal adherido ó escrito de solicitude da tramitación do documento ou expediente, ou nestes mesmos se aquel escrito non existise, ou a solicitude non fose expresa.

2.-Os escritos recibidos polos condutos a que se fai referencia nas Leis de Procedemento Administrativo Común e de Ráxime Xurídico, que non veñan reintegrados, serán admitidos provisionalmente, pero non poderá dársele curso, sen que se subsane a deficiencia, para o cal requerirase ó interesado para que, no prazo de dez

días abone as cotas correspondentes co apercibimento de que, transcorrido dito prazo sen efectualo teranse os escritos por no presentados e será arquivada a solicitude.

ARTIGO 9º.-INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En todo o relativo á calificación de infraccións tributarias así como as sancións que as mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 183 e 35 e seguintes da Lei Xeral Tributaria segundo o Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, sendo de aplicación a partir do 1 de xaneiro do 2017, permanecendo vixente ata a súa expresa modificación ou derogación”.

A Pobra de San Xiao (Láncara), 21 de decembro de 2016.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López

R. 3896

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

O Pleno do Concello de Láncara en sesión extraordinaria realizada o 2/11/2016 acordou aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal n.º 9 reguladora da Taxa por prestación de servizos nas instalacións deportivas municipais. O citado acordo foi exposto ó público polo prazo de 30 días hábiles mediante anuncio publicado no BOP de Lugo de 05/11/2016 sen que durante ese prazo se presentase reclamación algunha, polo que se entende definitivo o acordo inicialmente adoptado co texto que se transcribe:

“ORDENANZA FISCAL Nº 9 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS E CARTEIS PUBLICITARIOS

ARTIGO 1º.-FUNDAMENTO E OBXECTO

No uso das facultades conferidas polos artigos 106 da Lei 7/85 de 2 de abril, Reguladoras das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, pola que se aproba o texto refundido da Lei Reguladoras das Facendas Locais, o Concello de Láncara establece a Taxa por prestación de servizos nas instalacións deportivas municipais, a que se refire o artigo 20.4 a) do propio Real Decreto Lexislativo, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, e cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do dito Real Decreto Lexislativo.

ARTIGO 2º.-FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito imponible desta taxa:

1.- A prestación de servizos e a utilización das instalacións deportivas municipais seguintes:

Pavillón Polideportivo Municipal a Pobra de San Xiao.

Pista de Pádel.

2.- A colocación de carteis publicitarios.

Non están suxietas ao pago as actividades deportivas organizadas directamente polo Concello de Láncara.

ARTIGO 3º.-BENEFICIOS FISCAIS.

Se aplicarán os beneficios fiscais previsto en normas con rango de lei e nos tratados internacionais.

As Asociacións Deportivas e Culturais con sede no concello que organicen actividades e competicións planificadas e organizadas, de interese social, terán unha bonificación do 50% sobre o prezo establecido.

As Entidades Deportivas municipais que pertencen a algunha das Federacións Deportivas Galegas, e estean inscritos en competicións oficiais propias da súa modalidade deportiva, gozarán dunha bonificación do 60% sobre o prezo establecido.

ARTIGO 4º.-OBRIGADOS TRIBUTARIOS.

É obrigado tributario, en concepto de contribuínte, a persoa física ou xurídica e as entidades á que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que soliciten a utilización das instalacións ou a prestación dos servizos suxeitos e queñas as utilicen aínda sen ter obtido a preceptiva autorización.

Serán responsables solidarios da débeda tributaria as persoas ou entidades a que se refire o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.